

I. Disposicións xerais

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

4058 *REAL DECRETO 322/2008, do 29 de febreiro, sobre o réxime xurídico das entidades de diñeiro electrónico. («BOE» 54, do 3-3-2008.)*

Este real decreto sobre o réxime xurídico das entidades de diñeiro electrónico atende á necesidade de completar a incorporación ao dereito español da Directiva 2000/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de setembro de 2000, sobre o acceso á actividade das entidades de diñeiro electrónico e o seu exercicio, así como a supervisión cautelar desas entidades.

Este real decreto, que se configura esencialmente como unha norma de procedemento, estrutúrase arredor dos seguintes elementos:

Réxime xurídico da creación de entidades de diñeiro electrónico (EDE).

Réxime de supervisión prudencial.

Limitación de actividades e obriga de realizar determinados investimentos.

Réxime de exención.

O capítulo I refírese ás disposicións de carácter xeral e introduce a materia, facendo referencia ao ámbito de aplicación e ás actividades das EDE, cuestións xa establecidas polo artigo 21 da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro.

Cómpre lembrar que o Real decreto lexislativo 1298/1986, do 28 de xuño, sobre adaptación do dereito vixente en materia de entidades de crédito ao das comunidades europeas, conceptúa as EDE como entidades de crédito. De aí que o capítulo II, ao establecer o réxime de creación das EDE, responda esencialmente ao esquema dos procedementos xa previstos para as restantes entidades de crédito: reserva de denominación, actividades, requisitos para a constitución da entidade, documentos que deben conter as solicitudes de creación, en especial todos aqueles que fan referencia á idoneidade e honorabilidade dos cargos de administración e aos mecanismos de boa xestión interna e prevención do branqueo de capitais.

Agora ben, con independencia das similitudes no procedemento de autorización das EDE con outras entidades de crédito, este real decreto prevé as especiais características destas novas entidades, cun réxime diferenciado nun bo número de aspectos. As peculiaridades das EDE establécense en virtude dunha dobre característica que pretende alcanzar o máximo grao de equilibrio no tratamento destas entidades en relación con outras entidades de crédito. Por un lado, establécense menores requisitos relacionados coa supervisión cautelar, como un capital mínimo inicial menor ou a non suxeición a determinados preceptos da normativa bancaria, mentres que, por outro,

se limitan as actividades que tales entidades poden levar a cabo e se impón un réxime de investimentos obrigatorios en determinados activos.

Aínda que ás entidades de diñeiro electrónico se lles aplica o groso das normas prudenciais das entidades de crédito, desde as relativas á boa organización administrativa e contable aos procedementos para prevención do branqueo de capitais, as obrigas a que se encontran sometidas son menos onerosas que as do conxunto de entidades de crédito. Estas entidades non están obrigadas ás exixencias da regulación de depósitos, xa que se prevé que os fondos sexan intercambiados inmediatamente por diñeiro electrónico. Pola mesma razón, só estarían obrigadas a acollerse a un sistema de garantía de depósitos se o soporte ao cal se incorporase o diñeiro electrónico fose nominativo, ou cando a recepción dos fondos cambiados por diñeiro electrónico estivese ligada a unha conta representativa dun depósito constituído polo seu titular.

Polo demais, a estas entidades exíxeselles un capital inicial mínimo dun millón de euros e uns fondos propios permanentes, iguais ou superiores ao 2 por cento do saldo dos seus pasivos financeiros derivados do diñeiro electrónico emitido en circulación ou da media do citado saldo durante os seis meses precedentes, se este último importe for superior.

A verificación destes cálculos e dos correspondentes ás limitacións ao investimento levarase a cabo a través da oportuna verificación que realizará o Banco de España polo menos dúas veces ao ano, a partir da información que estime necesaria.

Ademais, as entidades deberán informar o Banco de España da súa estrutura de capital e, especialmente, da presenza no conxunto de accionistas doutras entidades financeiras e de accionistas con porcentaxes superiores ao 2,5 por cento do capital social.

En calquera caso, estas entidades de diñeiro electrónico, como entidades de crédito que son, quedan suxeitas á supervisión e control da súa actividade por parte do Banco de España. Nese mesmo sentido, este real decreto inclúe a habilitación ao Banco para ditar as normas de desenvolvemento necesarias para o adecuado exercicio daquelas funcións de supervisión e control que lle son propias en relación coas entidades de crédito.

O capítulo III establece a limitación aos investimentos. A outra cara da moeda do réxime de creación e exercicio de actividade das EDE configúraa o conxunto de limitacións a que están sometidas estas entidades, e isto na procura de garantir un trato equitativo en relación coas restantes entidades de crédito, así como a adecuada salvagarda da estabilidade financeira. Esas limitacións son substancialmente dúas: limitacións á actividade, que se recollen no capítulo I, e limitacións ou obrigas en determinados investimentos.

Así, as EDE deberán realizar unha serie de investimentos obrigatorios nun determinado conxunto de activos e de aí que se encadren baixo o título de «limitacións ao

investimento». Deberán investir un importe non inferior ao das súas obrigas financeiras derivadas do diñeiro electrónico en circulación ben en activos cunha ponderación de risco de crédito do 0 por cento e un suficiente grao de liquidez, ben en depósitos á vista de entidades de crédito de determinados países, sempre e cando estes estados non regradúen a súa débeda pública exterior ou ben en determinados instrumentos de débeda que cumpran cos requisitos establecidos no real decreto. Os dous últimos grupos de investimentos non poderán superar en vinte veces o volume dos fondos propios da entidade e estarán suxeitos ás mesmas limitacións que o resto das entidades de crédito.

Finalmente, recóllese o réxime de utilización de produtos derivados por parte das EDE, na procura da cobertura de riscos de mercado. En sintonía con estas previsións, o Banco de España poderá impor as limitacións que considere oportunas aos riscos de mercado en relación cos investimentos que as entidades realicen no primeiro grupo de activos. A valoración de activos efectuarase segundo os criterios que estableza o Banco de España.

O capítulo IV desenvolve o réxime de exención. Unha característica singular do réxime xurídico das EDE é a previsión de exención do cumprimento de determinadas disposicións para aquelas entidades que cumpran as características previstas. Das tres exencións recollidas pola Directiva 2000/46, a Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro prevé, en exercicio da opción nacional, unha delas. Tan só poderán quedar eximidas dalgunhas das disposicións do real decreto aquelas entidades que emitan diñeiro electrónico que sexa aceptado como medio de pagamento unicamente por calquera filial da entidade que realice funcións operativas ou outras funcións auxiliares relativas ao diñeiro electrónico emitido ou distribuído pola entidade, pola empresa matriz da entidade ou por calquera filial da citada empresa matriz.

O real decreto dispón, en calquera caso, a necesidade de constituír unha EDE para se beneficiar dunha exención. En todo caso, esa circunstancia quedará reflectida no Rexistro Especial de Entidades de Diñeiro Electrónico do Banco de España, e tan só exclúe as entidades eximidas das limitacións á actividade previstas no real decreto, dos requisitos de capital inicial mínimo dun millón de euros e de nivel de fondos propios e, finalmente, das limitacións aos investimentos consideradas no seu artigo 11.

A xustificación deste réxime diferenciado encontra a súa base no reducido ámbito de actuación destas entidades e, como corolario necesario ao seu especial status, non dispoñen do coñecido como pasaporte comunitario, debendo informar debidamente das súas operacións ao supervisor.

Finalmente, o capítulo V establece o réxime de sancións e de supervisión da actividade das entidades de diñeiro electrónico. Establécese o réxime de sancións, unhas determinadas causas de revogación da autorización para actuar como EDE ou para facelo baixo o réxime de exención.

A disposición adicional única prevé a posible transformación dunha entidade en banco polo procedemento xa previsto para cooperativas de crédito e establecementos financeiros de crédito pola disposición adicional cuarta do Real decreto 1245/1995, do 14 de xullo, sobre creación de bancos, actividade transfronteiriza e outras cuestións relativas ao réxime xurídico das entidades de crédito.

O real decreto dítase en exercicio das competencias que lle atribúe ao Estado o artigo 149. 1.6.^a, 11.^a e 13.^a e en virtude da habilitación outorgada ao Goberno polo artigo 21 noveno da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro, para desenvolver o réxime xurídico aplicable á creación e condicións de exercicio da actividade das EDE e, en particular, para o esta-

blecemento do seu capital inicial mínimo, exixencias de recursos propios permanentes, réxime de investimentos, así como as limitacións ás súas actividades comerciais.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Facenda, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de febreiro de 2008,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. Terán a consideración de entidades de diñeiro electrónico aquelas entidades de crédito distintas das definidas no artigo 1.1.a) do Real decreto lexislativo 1298/1986, do 28 de xuño, sobre adaptación do dereito vixente en materia de entidades de crédito ao das comunidades europeas, cuxa actividade principal consista en emitir medios de pagamento en forma de diñeiro electrónico, nos termos previstos por este real decreto.

2. Entenderase por diñeiro electrónico o valor monetario representado por un crédito exixible ao seu emisor:

- Almacenado nun soporte electrónico.
- Emitido ao recibir fondos dun importe cuxo valor non será inferior ao valor monetario emitido.
- Aceptado como medio de pagamento por empresas distintas do emisor.

3. Este real decreto non se aplicará ao Banco de España, nin ao Instituto de Crédito Oficial, nin ás entidades de crédito definidas no artigo 1.1.a) do Real decreto lexislativo 1298/1986, do 28 de xuño, sobre adaptación do dereito vixente en materia de entidades de crédito ao das comunidades europeas.

Artigo 2. *Actividades.*

1. As actividades comerciais das entidades de diñeiro electrónico distintas da emisión de diñeiro electrónico limitaranse ás seguintes:

- a prestación de servizos financeiros e non financeiros estreitamente relacionados coa emisión de diñeiro electrónico, tales como a xestión de diñeiro electrónico mediante o exercicio de funcións operativas e outras funcións auxiliares en relación coa súa emisión, e a emisión e xestión doutros medios de pagamento, con exclusión da concesión de calquera forma de crédito; e
- o almacenamento de información no soporte electrónico en nome doutras empresas ou de organismos públicos.

As entidades de diñeiro electrónico non poderán ter participacións noutras empresas salvo no caso de que estas últimas exerzan funcións operativas ou outras funcións suplementarias en relación co diñeiro electrónico emitido ou distribuído pola entidade de que se trate.

2. A emisión de diñeiro electrónico, cando o soporte a que se incorpore sexa nominativo, ou cando a recepción dos fondos cambiados por diñeiro electrónico estea ligada a unha conta representativa dun depósito constituído polo seu titular, soamente poderá ser realizada polas entidades adheridas a un sistema de garantía de depósitos.

CAPÍTULO II

Réxime xurídico de creación das entidades de diñeiro electrónicoArtigo 3. *Reserva de denominación.*

A denominación de «entidades de diñeiro electrónico», así como a súa abreviatura E.D.E., quedará reservada a estas entidades, as cales estarán obrigadas a incluíla na súa denominación social.

Artigo 4. *Autorización e rexistro de entidades de diñeiro electrónico.*

1. Corresponderalle ao ministro de Economía e Facenda, logo de informe do Banco de España e do Servizo Executivo da Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias nos aspectos da súa competencia, autorizar a creación de entidades de diñeiro electrónico.

2. A solicitude de autorización deberá ser resolta conforme o previsto no artigo 3.2 do Real decreto 692/1996, do 26 de abril, de réxime xurídico dos establecementos financeiros de crédito.

3. Unha vez obtida a autorización e tras a súa constitución e inscrición no Rexistro Mercantil, as entidades de diñeiro electrónico deberán, antes de iniciar as súas actividades, quedar inscritas no Rexistro Especial de Entidades de Diñeiro Electrónico que se creará no Banco de España. Cando unha entidade de diñeiro electrónico se beneficie dunha exención nos termos do artigo 12, tal circunstancia quedará reflectida neste Rexistro Especial. As inscricións no Rexistro Especial, así como as baixas deste, publicaranse no «Boletín Oficial del Estado» e comunicáranse á Comisión Europea.

4. A autorización concedida de acordo co previsto neste artigo caducará se non se dá comezo ás actividades autorizadas dentro dos doce meses seguintes á data de notificación da autorización, por causa imputable ao interesado.

Artigo 5. *Autorización de entidades de diñeiro electrónico baixo control estranxeiro.*

1. A creación de entidades de diñeiro electrónico españolas cuxo control, nos termos previstos polo artigo 4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, vaia ser exercido por persoas estranxeiras, queda suxeita ao establecido para o efecto neste real decreto.

2. No caso de que o control da entidade de diñeiro electrónico española vaia ser exercido por unha entidade de crédito, unha empresa de servizos de investimento ou unha entidade aseguradora ou reaseguradora autorizada noutro Estado membro da Unión Europea, pola entidade dominante dunha desas entidades ou polas mesmas persoas físicas ou xurídicas que controlen unha entidade de crédito, unha empresa de servizos de investimento ou unha entidade aseguradora ou reaseguradora autorizada noutro Estado membro, o Banco de España, antes de emitir o informe a que se refire o artigo 4.1, deberá consultar as autoridades responsables da supervisión da entidade de crédito, empresa de servizos de investimento ou entidade aseguradora ou reaseguradora estranxeira.

3. No caso de que o control da entidade de diñeiro electrónico vaia ser exercido por unha ou varias persoas, sexan ou non entidades de crédito, domiciliadas ou autorizadas nun Estado non membro da Unión Europea, caberá exixir a prestación dunha garantía que alcance a totalidade de actividades da citada entidade. A autorización poderá ser denegada, ademais de polos restantes motivos previstos neste Real decreto, cando lle fose

comunicada a España, de acordo co disposto no artigo 43.3 da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito, unha decisión adoptada polo Consello da Unión Europea ao comprobar que as entidades de crédito comunitarias non se beneficiaran nese Estado dun trato que ofrezca as mesmas condicións de competencia que as súas entidades nacionais e que non se cumpran as condicións de acceso efectivo ao mercado.

Artigo 6. *Requisitos para exercer a actividade de entidade de diñeiro electrónico.*

1. Serán requisitos necesarios para obter e conservar a autorización dunha entidade de diñeiro electrónico:

a) Ter o seu domicilio social, así como a súa efectiva administración e dirección, en territorio español.

b) Revestir a forma de sociedade anónima constituída polo procedemento de fundación simultánea e con duración indefinida.

c) Ter un capital social mínimo dun millón de euros, integramente subscrito, desembolsado integramente en efectivo e representado por accións nominativas.

d) Limitar estatutariamente o seu obxecto social ás actividades propias dunha entidade de diñeiro electrónico.

e) Que os accionistas titulares de participacións significativas sexan considerados idóneos, de acordo cos termos previstos no artigo 8.

f) Contar cun consello de administración formado por non menos de tres membros. Todos os membros do consello de administración da entidade, así como os do consello de administración da súa entidade dominante, cando exista, serán persoas de recoñecida honorabilidade comercial e profesional e deberán posuír, polo menos tres dos membros de cada un dos consellos, coñecementos e experiencia adecuados para exercer as súas funcións.

Tal honorabilidade e experiencia deberán concorrer tamén nos directores xerais ou asimilados da entidade e da súa dominante, cando exista, así como nas persoas físicas que representen as persoas xurídicas que sexan conselleiros.

Concorre honorabilidade comercial e profesional nos que viñesen observando unha traxectoria persoal de respecto ás leis mercantís ou outras que regulan a actividade económica e a vida dos negocios, así como ás boas prácticas comerciais, financeiras e bancarias. En todo caso, entenderase que carecen de tal honorabilidade os que, en España ou no estranxeiro, teñan antecedentes penais por delitos dolosos, estean inhabilitados para exercer cargos públicos ou de administración ou dirección de entidades financeiras ou estean inhabilitados conforme a Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, mentres non conclúise o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, e os quebrados e concursados non rehabilitados en procedementos concursais anteriores á entrada en vigor da referida lei.

Posúen coñecementos e experiencia adecuados para exercer as súas funcións nas entidades de diñeiro electrónico os que desempeñasen, durante un prazo non inferior a dous anos, funcións de alta administración, dirección, control ou asesoramento de entidades financeiras ou funcións de similar responsabilidade noutras entidades, públicas ou privadas, de dimensión polo menos análoga á entidade que se pretende crear.

O consello de administración deberá contar con normas de funcionamento e procedementos adecuados para facilitar que todos os seus membros poidan cumprir en todo momento as obrigas que lles correspondan de acordo coas normas de ordenación e disciplina das enti-

dades de diñeiro electrónico e o resto da lexislación aplicable.

g) Contar cunha boa organización administrativa e contable, así como con procedementos de control internos adecuados que garantan a xestión sa e prudente da entidade. Estes deberán responder aos riscos financeiros e non financeiros a que estean expostas esas entidades, incluídos os riscos técnicos e de procedemento, así como os derivados da súa cooperación con calquera empresa que realice funcións operativas ou outras funcións auxiliares das actividades comerciais desempeñadas por aquelas.

h) Contar con procedementos e órganos adecuados de control interno e de comunicación para previr e impedir a realización de operacións relacionadas co branqueo de capitais, nas condicións establecidas nos artigos 11 e 12 do Regulamento da Lei 19/1993, do 28 de decembro, sobre determinadas medidas de prevención do branqueo de capitais, aprobado polo Real decreto 925/1995, de 9 de xuño.

2. As entidades de diñeiro electrónico deberán cumprir en todo momento os requisitos previstos neste artigo e, especialmente, o de contar con fondos propios, tal como se definen no artigo 7 da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros, non inferiores aos establecidos na alínea c) do número 1 deste artigo.

3. Os fondos propios das entidades de diñeiro electrónico deberán ser, de forma permanente, iguais ou superiores ao 2 por cento do saldo dos seus pasivos financeiros derivados do diñeiro electrónico emitido en circulación ou da media dese saldo durante os seis meses precedentes, se este último importe fose superior. O Banco de España determinará a forma de cálculo de tales magnitudes.

4. Cando unha entidade non completase os seis primeiros meses de actividade, incluído o día de inicio dela, os seus fondos propios deberán ser, de forma permanente, iguais ou superiores ao 2 por cento do saldo dos seus pasivos financeiros derivados do diñeiro electrónico emitido en circulación ou do saldo que se prevé alcanzará ao final dos seis primeiros meses de actividade, se este último importe for superior. Este saldo que se prevé alcanzar será o que conste no seu programa de actividades, ou o que resulte dos axustes exixidos ao devandito programa.

5. Correspóndelle ao Banco de España a creación e xestión dun Rexistro de Altos Cargos das entidades de diñeiro electrónico, onde deberán inscribirse obrigatoriamente os conselleiros, directores xerais e asimilados destes. Para a inscrición no Rexistro de Altos Cargos, os conselleiros e directores xerais ou asimilados deberán declarar expresamente no documento que acredite a súa aceptación do cargo que reúnen os requisitos de honorabilidade e, de ser o caso, profesionalidade a que se refire este artigo, e que non se encontran incurso en ningunha das limitacións ou incompatibilidades que lles son de aplicación.

6. Correspóndelle igualmente ao Banco de España a creación e xestión dun rexistro de conselleiros e directores xerais das entidades dominantes das entidades de diñeiro electrónico, que non sexan entidades de crédito, empresas de servizos de investimento ou entidades aseguradoras ou reaseguradoras, onde deberán inscribirse obrigatoriamente os conselleiros, directores e asimilados daquelas. Para a inscrición nese rexistro seguirase o mesmo procedemento previsto no número anterior.

Artigo 7. *Requisitos da solicitude.*

1. A solicitude de autorización para a creación dunha entidade de diñeiro electrónico dirixirase á Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira por triplicado, acompañada dos seguintes documentos:

a) Proxecto de estatutos sociais acompañado dunha certificación rexistral negativa da denominación social proposta.

b) Programa de actividades en que, de modo específico, deberá constar o xénero de operacións que se pretende realizar, a organización administrativa e contable, os procedementos de control interno que se establezan para garantir a xestión sa e prudente da entidade, así como os procedementos e órganos de control interno e de comunicación que se establezan para previr e impedir a realización de operacións relacionadas co branqueo de capitais. Así mesmo, nese programa especificarase o saldo por pasivos financeiros derivados de diñeiro electrónico emitido en circulación que se pretende alcanzar ao final dos primeiros seis meses de actividade.

c) Regulamento interno de funcionamento do consello de administración.

d) Regulamento de funcionamento do departamento ou servizo de atención ao cliente e, se é o caso, do defensor do cliente, de acordo coa Orde ECO/734/2004, do 11 de marzo, sobre os departamentos e servizos de atención ao cliente e o defensor do cliente das entidades financeiras.

e) Relación de socios que van constituír a sociedade, con indicación das súas participacións no capital social. Tratándose de socios que teñan a consideración de persoas xurídicas, indicaranse as participacións no seu capital superiores ao 5 por cento. No caso de socios que vaian posuír unha participación significativa, achegarase ademais, se son persoas físicas, información sobre a súa traxectoria e actividade profesional, así como sobre a súa situación patrimonial; se son persoas xurídicas, achegarase as contas anuais e o informe de xestión, cos informes de auditoría, se os houber, dos dous últimos exercicios, a composición dos seus órganos de administración e a estrutura detallada do grupo a que eventualmente pertenza.

f) Relación de persoas que van integrar o primeiro consello de administración e dos que deban exercer como directores xerais ou asimilados, con información detallada sobre a súa traxectoria e actividade profesional e os correspondentes cuestionarios de honorabilidade debidamente cubertos.

g) Xustificación de ter constituído no Banco de España, en metálico ou en débeda pública, un depósito equivalente ao 20 por cento do capital social mínimo exixido.

2. En todo caso, durante a instrución do procedemento, caberá exixirlles aos promotores cantos datos, informes ou antecedentes se consideren oportunos para verificar o cumprimento das condicións e requisitos establecidos neste real decreto.

3. O depósito previsto na alínea g) do número 1 deste artigo liberarase unha vez constituída a sociedade e inscrita no Rexistro Especial do Banco de España, así como en caso de que non se dea comezo ás actividades autorizadas dentro dos doce meses seguintes á data de notificación da autorización, por causa imputable ao interesado.

Artigo 8. *Denegación da solicitude.*

1. O ministro de Economía e Facenda denegará, mediante resolución motivada, a autorización de creación dunha entidade de diñeiro electrónico cando non se cumpran os requisitos establecidos nos artigos 6 e 7 anterior-

res e, en especial, cando, atendendo á necesidade de garantir unha xestión sa e prudente da entidade proxectada, non se considere adecuada a idoneidade dos accionistas que vaian ter nela unha participación significativa. Para estes efectos:

a) Entenderase por participación significativa nunha entidade de diñeiro electrónico aquela que alcance, de forma directa ou indirecta, polo menos, o 5 por cento do capital ou dos dereitos de voto da entidade, ou a que, sen chegar á porcentaxe sinalada, permita exercer unha influencia notable nesta.

b) A idoneidade apreciarase, entre outros factores, en función de:

1.º A honorabilidade comercial e profesional dos accionistas, no sentido previsto no artigo 6.1.f). Esta honorabilidade presumirase sempre cando os accionistas sexan administracións públicas ou entes dependentes delas.

2.º Os medios patrimoniais con que contan eses accionistas para atender os compromisos asumidos.

3.º A transparencia na estrutura do grupo a que eventualmente poida pertencer a entidade e, en xeral, a existencia de graves dificultades para inspeccionar ou obter a información necesaria sobre o desenvolvemento das súas actividades.

4.º A posibilidade de que a entidade quede exposta, de forma inapropiada, ao risco das actividades non financeiras dos seus promotores, ou cando, tratándose de actividades financeiras, a estabilidade ou o control da entidade poida quedar afectada polo alto risco daquelas.

5.º A posibilidade de que o bo exercicio da supervisión da entidade sexa obstaculizada polos vínculos estreitos que esta manteña con outras persoas físicas ou xurídicas, polas disposicións legais, regulamentarias ou administrativas do país ao dereito do cal estea suxeita algunha desas persoas físicas ou xurídicas, ou por problemas relacionados coa aplicación das citadas disposicións.

Para estes efectos, entenderase que existen vínculos estreitos cando dúas ou máis persoas físicas ou xurídicas estean unidas mediante:

Un vínculo de control no sentido que determina o artigo 4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, ou

O feito de posuír, de maneira directa ou indirecta, ou mediante un vínculo de control, o 20 por cento ou máis dos dereitos de voto ou do capital dunha empresa ou entidade.

2. Denegada, de ser o caso, a solicitude, e sen prexuízo dos recursos xurisdicionais que procedan contra a resolución adoptada, o Banco de España procederá á devolución do depósito previsto no artigo 7.1.g). Así mesmo, procederá a devolución no suposto de renuncia á solicitude.

Artigo 9. *Modificación dos estatutos.*

1. A modificación dos estatutos sociais das entidades de diñeiro electrónico estará suxeita ao procedemento de autorización e rexistro establecido no artigo 4, aínda que a solicitude de autorización se deberá resolver dentro dos dous meses seguintes á súa recepción na Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira ou ao momento en que se complete a documentación exixible, transcorridos os cales poderá entenderse estimada.

2. Non requirirán autorización previa, aínda que deberán ser comunicadas ao Banco de España, nun prazo non superior aos quince días hábiles seguintes á adopción do acordo correspondente, as modificacións dos estatutos sociais que teñan por obxecto:

a) Cambio do domicilio social dentro do territorio nacional.

b) Aumento de capital social.

c) Incorporar textualmente aos estatutos preceptos legais ou regulamentarios de carácter imperativo ou prohibitivo, ou cumprir resolucións xudiciais ou administrativas.

d) Aqueloutras modificacións respecto das cales a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, en contestación a unha consulta previa formulada para o efecto pola entidade de diñeiro electrónico afectada, considere innecesario, pola súa escasa relevancia, o trámite da autorización.

3. Se, recibida a comunicación, as modificacións excederen no seu alcance o previsto neste número, o Banco de España advertirálle aos interesados no prazo de trinta días, para que revisen as modificacións ou, se for do caso, se axusten ao procedemento de autorización do número 1.

Artigo 10. *Fusións.*

A fusión dunha entidade de diñeiro electrónico con outra entidade de crédito ou con calquera outra empresa deberá ser autorizada polo ministro de Economía e Facenda de acordo co procedemento establecido no artigo 9.1, aínda que o prazo para a resolución será de tres meses.

CAPÍTULO III

Limitación de investimentos

Artigo 11. *Limitacións ao investimento.*

1. As entidades de diñeiro electrónico deberán investir por un importe non inferior ás súas obrigas financeiras derivadas do diñeiro electrónico en circulación unicamente nos activos que figuran a seguir:

a) efectivo en caixa e elementos equivalentes, exposicións fronte a administracións centrais ou bancos centrais dos países mencionados na alínea b), as comunidades europeas ou o Banco Central Europeo ou exposicións explicitamente garantidas por estes, exposicións fronte a administracións rexionais ou locais ou exposicións explicitamente garantidas por estes ou exposicións garantidas, á satisfacción do Banco de España, con valores emitidos por estes, que, de acordo cos artigos 22 e 23 do Real decreto 216/2008, do 15 de febreiro, de recursos propios das entidades financeiras, reciban unha ponderación do 0 por cento e teñan un grao de liquidez suficiente.

b) depósitos á vista mantidos en entidades de crédito dos Estados membros e os países membros de pleno dereito da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE) e os países que celebren acordos especiais de préstamo co Fondo Monetario Internacional (FMI), no marco dos acordos xerais de empréstito (AXE). Todo país que regradúe a súa débeda pública exterior soberana quedará, no entanto, excluído.

c) instrumentos de débeda que cumpran os requisitos seguintes:

que teñan un grao de liquidez suficiente,

que non estean cubertos polo disposto na alínea a) deste número,

que teñan unha ponderación do risco de crédito do 20 por cento de acordo coa sección 1.ª do capítulo III do título I do Real decreto 216/2008, do 15 de febreiro, de recursos propios das entidades financeiras, e

que sexan emitidos por empresas distintas daquelas que teñan unha participación significativa, segundo se define no artigo 56.1 da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre

disciplina e intervención das entidades de crédito, na entidade de diñeiro electrónico de que se trate, ou que deban ser incluídos nas contas consolidadas de tales empresas.

2. Os investimentos mencionados nas alíneas b) e c) do número 1 non poderán exceder en vinte veces o volume dos fondos propios da entidade de diñeiro electrónico de que se trate e estarán suxeitos ás limitacións aplicables ás entidades de crédito de conformidade co capítulo VIII do título I do Real decreto 216/2008, do 15 de febreiro, de recursos propios das entidades financeiras.

3. Para efectos da cobertura dos riscos de mercado derivados da emisión de diñeiro electrónico e dos investimentos a que se refire o número 1, as entidades de diñeiro electrónico poderán utilizar produtos financeiros derivados relacionados con tipos de xuros e tipos de cambio cun grao de liquidez suficiente, negociados en mercados organizados suxeitos a límites legais diarios ou, no caso de contratos sobre tipos de cambio, cun vencemento inicial igual ou inferior a catorce días naturais. A utilización de produtos derivados só será admisible cando se procure eliminar na súa totalidade os riscos de mercado e, na medida do posible, se consiga este obxectivo.

4. O Banco de España impondrá as limitacións apropiadas aos riscos de mercado en que poidan incurrir as entidades de diñeiro electrónico como consecuencia dos investimentos a que se refire o número 1.

5. Para efectos da aplicación do número 1, os activos valoraranse ao prezo de custo ou, en caso de ser menor, ao prezo de mercado.

6. Se o valor dos activos a que se fai referencia no número 1 é inferior ao importe das obrigas financeiras derivadas do diñeiro electrónico en circulación, a entidade de diñeiro electrónico considerada adoptará sen demora as medidas apropiadas para remediar esa situación. Con ese fin e unicamente durante un período transitorio, o Banco de España poderá permitir que as obrigas financeiras da entidade derivadas do diñeiro electrónico en circulación sexan apoiadas por activos distintos dos considerados no número 1, por un importe non superior ao 5 por cento destas obrigas, ou polo importe total dos fondos propios da entidade no caso de que esta cifra sexa inferior.

7. O Banco de España establecerá os criterios de valoración dos activos a que se refire este artigo.

CAPÍTULO IV

Réxime de exención

Artigo 12. *Exencións.*

1. As entidades de diñeiro electrónico poderán quedar eximidas da aplicación das disposicións previstas nos artigos 2.1, 6.1.c), 6.1.d), 6.2, 6.3, 6.4 e 11 cando o diñeiro electrónico emitido pola entidade sexa aceptado como medio de pagamento unicamente por calquera filial da entidade que realice funcións operativas ou outras funcións auxiliares relativas ao diñeiro electrónico emitido ou distribuído pola entidade, pola empresa matriz da entidade ou por calquera filial da citada empresa matriz.

2. As solicitudes de exención deberanse presentar ante a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, fundándose no suposto previsto no número anterior.

Tales solicitudes poderanse presentar xunto coa solicitude de autorización para a creación dunha entidade de diñeiro electrónico ou, en calquera momento, por entidades xa autorizadas. En todo caso, a solicitude de exención resolverase separadamente da solicitude de autorización de creación da entidade.

3. Corresponderalle ao ministro de Economía e Facenda, logo de informe do Banco de España, autorizar os supostos de exención, e resultará aplicable á resolu-

ción da solicitude o disposto no artigo 4.2. A denegación farase en todo caso mediante resolución motivada.

4. En todo caso, durante a instrución do procedemento, caberá exixirilles aos promotores ou ás entidades de diñeiro electrónico cantos datos, informes ou antecedentes se consideren oportunos para verificar o cumprimento das condicións e requisitos establecidos neste real decreto.

5. As cláusulas dos contratos subscritos polas entidades que se beneficien dunha exención deberán estipular que o dispositivo electrónico de almacenamento á disposición dos portadores para os efectos de realizar pagamentos estará suxeito a un importe máximo de aprovisionamento que non excederá os 150 euros.

6. As entidades ás cales se lles concedese unha exención de acordo co establecido neste artigo remitiranlle ao Banco de España, coa periodicidade que este determine, informe sobre as operacións realizadas, incluído o importe total de obrigas financeiras relacionadas con diñeiro electrónico.

CAPÍTULO V

Réxime sancionador e de supervisión da actividade das entidades de diñeiro electrónico

Artigo 13. *Réxime sancionador.*

O réxime de sancións aplicable ás entidades de diñeiro electrónico, así como, se é o caso, aos seus administradores, directivos e persoas físicas ou xurídicas que posúan, directa ou indirectamente, unha participación no capital ou nos dereitos de voto que represente unha porcentaxe igual ou superior ao 5 por cento destes, será o establecido no título I da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito.

Artigo 14. *Revogación da autorización e da exención.*

1. Serán causas de revogación da autorización para o exercicio da actividade de emisión de diñeiro electrónico as seguintes:

- A renuncia de modo expreso á autorización.
- O incumprimento dalgunha das condicións que motivaron a concesión da autorización.
- A interrupción do exercicio da actividade durante un período superior a seis meses.
- A sanción prevista no artigo 9.b da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito, relativa á revogación da autorización da entidade.

2. Non obstante o sinalado na alínea b) anterior:

- Por falta de honorabilidade comercial ou profesional de conselleiros ou directores, só procederá a revogación se os afectados non cesan nos seus cargos nun mes, contado desde o requirimento que para tal efecto lles dirixa o Banco de España. Non se considerará que hai falta de honorabilidade sobrevida pola mera circunstancia de que, estando no exercicio do seu cargo, un conselleiro ou director sexa inculpado ou procesado por algún dos delitos mencionados no artigo 6.1.
- Non procederá a revogación por insuficiencia de recursos propios se estes alcanzan, polo menos, as catro quintas partes do capital social mínimo e a insuficiencia non dura máis de doce meses.

3. Serán causas de revogación da exención prevista no artigo 12:

- A renuncia de modo expreso á exención.
- O incumprimento dalgunha das condicións que motivaron a concesión da exención.

4. O ministro de Economía e Facenda será competente para acordar a revogación.

5. A resolución pola que se revogue a autorización ou a exención será motivada e inscribírase no Rexistro Mercantil e no Rexistro de Entidades de Diñeiro Electrónico do Banco de España.

Artigo 15. Verificación de requisitos específicos.

O Banco de España verificará, polo menos dúas veces ao ano, que os cálculos que xustifican o cumprimento dos artigos 6 e 11 sexan efectuados ben polas propias entidades de diñeiro electrónico, as cales os comunicarán ao Banco xunto con todos os elementos de cálculo necesario, ben polo propio Banco de España, utilizando os datos facilitados polas entidades de diñeiro electrónico.

Artigo 16. Información sobre a estrutura de capital das entidades de diñeiro electrónico.

Con independencia da obriga establecida no artigo 61.1 da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito, as entidades de diñeiro electrónico comunicaránlle ao Banco de España, na forma que este estableza, durante o mes seguinte a cada trimestre natural, a composición do seu capital social, relacionando todos os accionistas que ao final dese período teñan a consideración de entidades financeiras e os que, non o sendo, teñan inscritas ao seu nome accións que representen unha porcentaxe do capital social da entidade igual ou superior ao 2,50 por cento.

Disposición adicional única. Autorización para a transformación en bancos de entidades de diñeiro electrónico xa constituídas.

A autorización para a transformación en bancos de entidades de diñeiro electrónico xa constituídas outorgarase nos mesmos termos previstos para os establecementos financeiros de crédito pola disposición adicional cuarta do Real decreto 1245/1995, do 14 de xullo, sobre creación de bancos, actividade transfronteiriza e outras cuestións relativas ao réxime xurídico das entidades de crédito.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa.

Entenderanse derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. Títulos competenciais.

Este real decreto dítase de conformidade co disposto no artigo 149.1.6.^a, 11.^a e 13.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. Incorporación de dereito da Unión Europea.

Mediante este real decreto complétase a incorporación ao dereito español da Directiva 2000/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de setembro de 2000, sobre o acceso á actividade das entidades de diñeiro electrónico e o seu exercicio, así como a supervisión cautelada desas entidades.

Disposición derradeira terceira. Facultades de desenvolvemento.

Habilítase o ministro de Economía e Facenda para ditar as normas que sexan precisas para o desenvolvemento deste real decreto.

Autorízase o Banco de España para ditar as normas necesarias para o desenvolvemento das funcións de supervisión e control da actividade das entidades de diñeiro electrónico que lle atribúe o artigo 21 da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro, e este real decreto, e, en especial, para determinar a información que as entidades de diñeiro electrónico deberán remitir e a periodicidade con que deberán levar a cabo tal remisión.

Disposición derradeira cuarta. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de febreiro de 2008.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno
e ministro de Economía e Facenda,
PEDRO SOLBES MIRA

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

4059 REAL DECRETO 228/2008, do 15 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 1539/2006, do 15 de decembro, polo que se regula a concesión de axudas para a renovación do parque nacional de maquinaria agrícola. («BOE» 54, do 3-3-2008.)

Durante o primeiro ano de vixencia do Real decreto 1539/2006, do 15 de decembro, polo que se regula a concesión de axudas para a renovación do parque nacional de maquinaria agrícola, publicouse normativa comunitaria e nacional que afecta determinados artigos do citado real decreto.

O 16 de decembro de 2006, o Diario Oficial de la Unión Europea publica o Regulamento (CE) n.º 1857/2006, da Comisión, do 15 de decembro de 2006, sobre a aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas estatais para as pequenas e medianas empresas dedicadas á produción de produtos agrícolas e polo que se modifica o Regulamento (CE) n.º 70/2001. No seu artigo 4, establece unhas porcentaxes máximas para as axudas en función do investimento que difiren das establecidas no Real decreto 1539/2006, do 15 de decembro.

En relación co límite máximo do investimento subvencionable é importante especificar que debe ser concordante co fixado, nos programas de desenvolvemento rural, para os investimentos de modernización de explotacións, acollidas ao artigo 26 do Regulamento (CE) n.º 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro de 2005, relativo ás axudas ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

O 20 de xullo de 2007, o Consello de Ministros aprobou un plan de medidas urxentes da estratexia española de cambio climático e enerxía limpa, entre as que se encontra a redución de fertilizantes nitroxenados. Para a súa consecución, considérase necesario dispor de equipamentos mecánicos que posibiliten unha correcta distribución dos fertilizantes.